

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Oración] Pai noso pequenín (1)

É unha oración de carácter satírico, moi interesante por outro lado para coñecer algunhas peculiaridades lingüísticas da zona oriental de Galiza. Este *Pai Noso* só mo ensinaron unha vez cando era moi rapaz, hai perto de corenta anos e , non sei por qué, non esquecín unha soa palabra.

Di así:

Padre noso pequenín
fun ao ceo e volvín
e topei co meu padrín
comendo pan con toucín
e pedinlle un pouquichín
e pegoume co cutielo no fucín.

[Enviado por Marcos Seixo Pastor, natural de Navia de Suarna (Lugo) e residente en Cuntis (Pontevedra)]

Nota:

A oración aprendina na casa de Féliz, onde nacín e me criei, das irmás Alcira, Carmen, Gloria e Pancha, que son como da miña familia. Un chuchín mui forte para elas.